



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 5-16 de 05/05/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 05/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío
Data: 05.05.2016
Hora de convocatoria: 20:00 h.
Hora de comezo: 20:05 h.
Hora de remate: 22:16 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.05 horas do 5 de maio de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da revogación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar para o servizo de recollida de vehículos abandonados e o seu posterior tratamento.
2. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do estacionamento limitado e gratuito (zona azul).
3. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- a. Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención. (Resolucións Tomo II).
 - b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo III 2016.
 - c. Dar conta da Resolución de Alcaldía de data 20.04.2016 relativa a avocación da delegación de atribucións feita a prol do concelleiro de Urbanismo.
4. Mocións.
 5. Rogos e preguntas

1. Aprobación da revogación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar para o servizo de recollida de vehículos abandonados e o seu posterior tratamento.

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno de data 02.05.2016, que literalmente di:

Vista a proposta de Alcaldía de data 27.04.2016, que literalmente di:

"O día 06.04.2016 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello modelo de convenio de colaboración para o servizo indicado no encabezamento remitido pola Deputación provincial de Pontevedra.

Considerando que esta iniciativa resulta do máximo interese para este Concello tendo en conta que esta Administración non posúe medios materiais nin humanos para o seu desenvolvemento.

Considerando que esta adhesión non supón ningún tipo de gasto económico para este Concello.

Resultando que a recollida de vehículos abandonados e a súa posterior xestión é una competencia propia dos concellos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 25 da Lei de bases de réxime local, no artigo 80 da Lei da administración local de Galicia, no artigo 5 da Lei de residuos de Galicia ou no artigo 86 da Lei de tráfico.

Considerando o previsto no artigo 198.3 da Lei da administración de Galicia que establece: "... las Diputaciones Provinciales podrán suscribir, con todos o alguno de los municipios de la provincia, Convenios para garantizar el acceso de la población al conjunto de los servicios municipales y la mayor eficacia en la prestación de éstos."

PROPOÑO ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Gondomar para o servizo de recollida de vehículos abandonados e o seu posterior tratamento, remitido pola Deputación Provincial, e facultar ao alcalde para proceder á súa sinatura."



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

DELIBERACIÓN

Sr. *Alcalde*: Grazas, Sra. Concelleira Iria Lamas. ¿Intervencións, por favor?

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.

2. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do estacionamento limitado e gratuíto (zona azul).

Polo concelleiro de Seguridade e Tráfico, Juan González dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno de data 02.05.2016, que literalmente di:

Vista a proposta de Alcaldía de data 27.04.2016, que literalmente di:

"ANTECEDENTES

1. Ordenanza reguladora do estacionamento limitado e gratuíto (zona azul) aprobada polo Pleno da Corporación en data 16.03.2007.
2. Ordenanza reguladora do estacionamento limitado e gratuíto (zona azul) aprobada polo Pleno da Corporación en data 03.12.2015.

CONSIDERACIONS LEGAIS

1. Xustificación da modificación proposta: Logo da última modificación desta Ordenanza constátase a necesidade de tipificación das infraccións e o importe das correspondentes sancións tendo en conta as normas lexislativas que a continuación se detallan.
2. Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial.
3. Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.
4. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
5. Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

Sr. Juan González: Hai que facer unhas pequenas correccións, porque non se lle metera a contía das sancións, das denuncias, e ademais había uns erros de corta e pega (...). Entón leo, será o seguinte, resumindo un pouquiño.

Temos que por os importes e cualificación, das infraccións tipificadas na Ordenanza da zona azul, que van a ser; leves de ata 100 euros, e graves de 200 euros, que terían que abonar o 50% si é que pagan no prazo establecido. Ademais disto, por erros de corta e pega, no artigo 4.1.a pon: sobrepasar o límite horario indicado no comprobante, e non estaba especificado, "cos medios electrónicos debidamente establecidos que poidan implantarse", iso hai que incluílo "que poidan implantarse, perdón, ata 30 minutos", iso sería infracción leve. Despois,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

queda o 4.1.b como estaba e o 4.1.c. como estaba. En infraccións graves queda, o 4.2.a: á falta de disco comprobante de horario, cando proceda, ou ben outros medios electrónicos debidamente establecidos que poidan implantarse. Isto, dos outros medios electrónicos debidamente establecidos, era o que por erro non estaba recollido, por iso hai que recollelo agora. No 4.2.b: sobrepasar o límite horario indicado no comprobante, e repito outra vez, cuns medios electrónicos debidamente establecidos que poidan implantarse. Como dicía antes as infraccións son leves e graves, non hai moi graves en este caso, e por último, no cadro de horarios de estacionamento en zona azul, por erro tamén estaba metido entre as 12:00 e 12:30 ata 13:30, que iso anulouse, porque o horario, como ben sabemos é de 9:00 a 13:00 polas mañás, e de 16:00 a 19:00 polas tardes, e os sábados de 9:00 a 13:00. Esas son, sinxelamente as pequenas correccións que hai que facer respecto á aprobación que fixéramos en este Pleno, o día 03/12/2015. Iso é como queda, moitas grazas.

De acordo co anterior, este concelleiro propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do estacionamento limitado e gratuito (zona azul) do xeito que se establece no borrador incorporado a esta proposta como ANEXO.

Segundo.- Somete-la devandita ordenanza municipal de referencia a información pública polo prazo de trinta (30) días mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do concello para a presentación de suxestións e reclamacións. No suposto de non presentación de reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado procedéndose á publicación do texto íntegro do mesmo no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do concello"

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: ¿Intervencións, por favor?. Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas, moi boas tardes. Eu quería facer unha pregunta ao concelleiro, si están tipificadas, non me din de conta si o nomeou, as infraccións e si teñen sanción.

Sr Juan González: Si.

Sr. Guitián: ¿Cál é o importe?

Sr. Juan González: Si Sr. Guitián, acabo de lerllo e nun momentíño léollo outra vez. O importe de leves son 100 euros e de graves 200 euros.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, ¿algunha intervención?. Sr. Pauliño, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde. Imos ver, en principio, Gondomar Concello Aberto, vai votar en contra, vai votar en contra, ademais vai entrar no fondo do asunto. No anexo dise que se vai a aprobar, que se vai a facer unha aprobación inicial, unha ordenanza. Si vamos á ordenanza di que de acordo, establece esta ordenanza, de acordo o que se refire no artigo 25 (..) 85 Regulador das Bases de Réxime Local, das disposicións contidas no Real Decreto Lexislativo 3/3990 do 2 de marzo, que aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación e Vehículos a motor e Seguridade Vial. Ese real decreto, está derogado, por tanto, non nos sirve. A verdade é que non nos parece de recibo que se traia unha ordenanza, con un articulado, baseado nunha Lei que está derogada. Por tanto, desde logo, si o Goberno non



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

retira esta proposta, nos imos a votar en contra porque desde o 31 de xaneiro de 2016, hai que dicir estas cousas, que parece mentira, "en casa do ferreiro, coitelo de pau" ¿verdade?, e xa non hai, este R.D.L. non está en vigor, xa non é nin sequera un texto articulado, é un texto refundido e hai un novo Real Decreto Texto Refundido 6/2015 do 30 de outubro, polo tanto mal empezamos si imos a facer unha aprobación inicial cunha normativa derogada. Evidentemente, sen entrar no fondo do asunto, solicitamos que se retire a ordenanza, que se traia unha ordenanza cunha normativa evidentemente en vigor, e que despois dos trámites pertinentes, que siga o seu curso legal. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño. ¿Algunha intervención? Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas. Imos ver, isto xa se trouxo o mes de xaneiro aquí. Agora outra vez, máis ou menos vai parecido, hai algunha diferenza aquí, é que si, que efectivamente pois si que veñen as infraccións ¿non?. Eu creo que hai un malestar na veciñanza xa polas zonas de carga e descarga, da forma que se está actuando, que é unha forma penso que dura ¿non? no tema das infraccións, pero bo índonos a outro tema, citando o que comentaba aquí o compañeiro da corporación Sr. del Río, que están derogados e todo, hai outro punto máis importante que é, que bo, en este caso aquí segundo pon no expediente daríanselle para imputalas ao Pleno da corporación, e se lle darían ao Sr. Alcalde para decidir este tema. Nos non estamos de acordo, calquera acordo, sexa da zona de carga e descarga, sexa da zona azul ou o que sexa, esas decisións que as teña que tomar o Pleno. O noso grupo Iniciativa por Gondomar para nada está de acordo con darlle esas atribucións ao Sr. Alcalde. Nos, en este caso, estamos nun Goberno en minoría, como está en este momento. Nos si quita... unha vez (...) cos artigos que están derogados postos ao día, e ao mesmo tempo ese apartado que pon que se quiten as introducións, neste caso ao Pleno, quitando iso nos lle votaríamos, nesta aprobación inicial o noso voto sería a abstención. Si non modifican nada, de acordo como está, o noso voto sería en contra, porque tamén isto, hai que darse conta que isto ven desde fai un montón de anos, eu creo que isto xa o había preparado o alcalde Carlos Silva fai un montón de anos, e isto é simplemente aquí, o que dicía o concelleiro de Seguridade, corta e pega, corta e pega e pouco máis se fixo. Simplemente se puxeron, o que eu dicía antes, o que son as infraccións e (...) en caso de incumprir co estacionamento. E como lle dicía xa no mes de xaneiro, tampouco queda claro si isto vai ser, si se vai rectificar o disco, si se van a utilizar medios dixitais ou informáticos ou telemáticos, esta, dentro do noso punto do vista do grupo, mal. Entonces, arranxadas esas cousas, si modifican e retiran esas cousas, nos nós imos a abster e si non, pois o noso voto vai a ser en contra. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez, Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas. Imos ver, esta é a segunda proposta de aprobación inicial de esta ordenanza que nos traen a este Plenario. Como era a outra, (...) nos daquela xa lle dicíamos a nosa opinión. Daquela nos lle dicíamos precisamente, que a potestade para delimitar as zonas de zona azul non fora da Alcaldía senón que fora do Pleno, e si se modificaba daquela este punto, que nos votariámoslle a favor, senón era así, que lle votaríamos en contra. Xa daquela así llo dixemos, aínda así, bo non se decidiu modificar daquela. Agora, nos traen unha segunda aprobación inicial con outras modificacións, entre como ben explicou o Concelleiro, se establecen as infraccións e os importes das sancións correspondentes. Nos, aparte do que dixo o concelleiro Sr. Del Río, de que poida ter, basearse nun regulamento que está derogado, bo evidentemente podería miralo, e se fora así (...) mirar o punto da orde do día e traelo aquí en condicións, por facilitarlle a labor de cara a unha aprobación posterior, se fora iso o que pasara. Neste caso, nos ao ser (...) pensamos o mesmo que daquela, é dicir, pensamos que, cando vostedes din nesta ordenanza, que está aprobada, publicada no B.O.P. que di o artigo 3 que di que se determinará por medio de a Alcaldía, como aquí no expediente tamén traen



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

vostedes a ordenanza que se aprobou no Concello de Mos, o artigo 3 está escrito literalmente, ou igual que no Concello de Mos, pero aí si que, en Mos di: e que se determinarán por medio dun acordo Plenario. Nos aquí ademais do que dixo o concelleiro, do regulamento derogado, nos lle imos propoñer unha emenda a esta ordenanza, e con esa emenda, si fora así, nos aprobaríamos ou votaríamos a favor, porque consideramos que é boa, o consideramos e xa o dixemos daquela, que é boa. Esa emenda sería que efectivamente como en Mos, que se determinara por medio dun acordo Plenario, si quere vostede poñer aí, que si fora un acordo Plenario con maioría simple ou como vostede considerase, pero que se expuxese ao Pleno, porque por moito que dicían daquela, que era para darlle máis facilidades ao Goberno, para facelo máis operativo, bo a verdade que por facer isto e uns días despois aprobarse, non ten tanta... operabilidade segue sendo a mesma, e queríamos facerlle outra emenda, se fora ese o caso, xa llo dicimos agora para poder votarlle a prol, que é as contías das sancións, nos parecen exaxeradas, exaxeradas. En Mos, onde vostedes din 100 euros por unha infracción leve, teñen aquí, está aquí no expediente, son 60, e onde din vostedes 200 euros por unha infracción grave, grave é exceder 30 minutos o tempo jeh!, non estamos falando aquí de cousas de gravidade tremenda, en Mos son 80 euros. A min as de Mos me parecen esaxeradas. Nos lle propoñeríamos que por exemplo as infraccións leves 20 euros, e as infraccións graves 40 euros, un número razoable. Si queren poñan vostedes, como se di, o feito de facelo continuamente, pois outra infracción máis grave, pero por suposto algo de moito menos diñeiro por (...) ao principio ¿qué cree que vai pasar, en canto poñan a zona azul?. Vai a haber un montón de xente que non vai a ceder a isto, van a encherse a poñer multas. O feito da zona azul, non é un feito recadatorio, entendo eu, senón que é o movemento dos coches para facilitar o comercio e o aparcadoiro na vila, e non afán recadatorio. Esa é a nosa proposta, e é o que imos facer. No obstante si retiran o punto, como non hai moito máis que falar, sería o adecuado, e no outro xeito si quixeran, si o punto continuara porque hai posibilidade de que se poida arranxar porque o regulamento estea derogado, nos votariámoslle a prol, si tivera en conta as nosas emendas e senón, votariámoslle en contra. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, ¿algunha intervención máis?. Ningunha.

Nos tampouco temos ningún interese extremadamente en aprobar esta ordenanza, coa zona de carga e descarga. Simplemente, revisando todas as ordenanzas municipais que había, fiscais e non fiscais e lembramos que nunha tangada se modificaron 22 ordenanzas, dentro de todo ese cómputo de regularización e adaptación a lei de todas as ordenanzas do Concello, entraba esta. Detectábamos erros gramaticais, de léxico e tamén a falta dun baremo ou táboa de sancións, por iso a traemos aquí. Non a imos retirar, imos a sometela a votación. Si non pasa esta ordenanza hoxe, quedara a ordenanza que está e volveremos a traela coas correccións que sexan. De principio esta ordenanza está supervisada polo departamento de Secretaría e demais. Temos que partir de que se axusta, agora non é momento, mirarémolo, si hai algún erro ou non. En relación ao que dicía o Sr. Gómez, as potestades sancionadoras para...ou incluso á hora de poñer ou delimitar unha zona de carga e descarga, zona azul, sinalización etc...é unha potestade do Alcalde, polo tanto tampouco lle estamos quitando competencias ao Pleno. O Pleno da corporación non ten esas competencias, tenas a propia Xefatura, o propio Alcalde para facelo. Non é unha merma de competencias a un órgano colexiado para darllas a unha persoa de maneira unilateral, como pode ser o Alcalde, simplemente queda como está e como o regula a lei. Polo tanto é potestade deste Goberno, facelo así ou facelo doutra maneira, sen lugar a dúbida é cuestionable, é discutible e tampouco... non imos entrar en iso. As emendas que plantexa o voceiro do Partido Popular, de que se adopten os acordos de delimitación de zona, de carga e descarga, perdón de zona azul, a través do Pleno e non a través do Alcalde, eu persoalmente non teño ningún inconveniente que as aprrobe o Pleno. De todas formas a soberanía de este Plenario debe prevalecer por riba de todo, representamos á veciñanza, polo tanto si o Pleno da corporación decide que non se debe de delimitar unha



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

zona, para ben ou para mal, todos somos conscientes do que facemos e do que votamos. O que si non entendemos, e ademais é cuestionable desde o punto de vista xurídico e legal, é que as competencias en materia de Seguridade Vial, son competencias exclusivas do Estado, non son das Comunidades Autónomas nin dos Concellos, e así aparece regulado ademais na Constitución. Polo tanto, estamos falando de competencias estatais, e a propia Lei de Seguridade Vial, o regulamento ademais fixa unhas contías determinadas para determinar as infraccións, infraccións leves, infraccións graves, infraccións moi graves, a súa prescrición ou caducidade, a súa retracción de puntos si procede. Entón o que non pode facer un Concello, o que non pode facer unha Administración Local, incluso dentro daquela potestade que ten de autonomía local que hai sentencias ademais que lla veñen a dar, é modificar as contías das infraccións que parece que aparecen aquí reflexadas, ademais nunha lei estatal, que ademais o Estado ten a competencia exclusiva.

Ben, non podemos nunha Lei en concreto como é esta de Seguridade Vial, di que unha infracción leve son 100 euros, non pode a administración local, ou entendo que non pode a administración local, salvo que alguén me diga o contrario que o xustifique, que tamén é susceptible de que poida pasar, de dicir non por estacionar 20 euros, por aparcar mal 30, por ir sen carné en vez de 1000 tal, non podemos entrar en iso, están tasadas. Entón dubidamos moito da legalidade de poder facelo de esta maneira mediante ordenanza, pero ben o plantexamento de este Goberno é aprobar esta ordenanza inicialmente. Vostedes van ter a posibilidade, como tiveron na anterior aprobación de esta ordenanza, de durante 30 días, facer as preceptivas alegacións. Eu lle agradezo de antemán, pois que aleguen a derogación dalgún artigo ou da propia Lei que nos lle poñemos. Agradézolle tamén que se faga constar que a potestade recaia sobre o Pleno, e non sobre o Alcalde para delimitalas, agradézolle tamén a vostedés que revisen a táboa de sancións e que propoñan a súa redución e unha vez recollidas todas as alegacións e suxestións e contrastadas ademais co informe xurídico dos técnicos, teñan por seguro que nos imos actuar desde un punto de vista obviamente de legalidade, e si hai que modificar, modificaremos, e si hai que rectificar tamén imos rectificar.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 07 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor; e 10 votos en contra: 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal I.X.G e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, acorda rexeitar a proposta arriba transcrita

Sr. Alcalde: Non queda aprobado este punto, non pasa a ordenanza. Rixe a anterior ordenanza que está publicada e que regula as zonas delimitadas de zona azul.
Pasamos ao seguinte punto:

3. Fiscalización e control dos órganos de Goberno.

- a. **Dar conta da Información periódica a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención. (Resolucións Tomo II).**

Pola Presidencia dáse conta da informe periódico do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

2. Contido:

- A. Informe-Resume das Resolucíons de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.
- B. Execución do orzamento de gastos correntes.
- C. Execución do orzamento de ingresos.
- D. Movementos e situación da Tesourería.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

b. Dar conta das Resolucíons de Alcaldía, Tomo III 2016.

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucíons adoptadas por esta Alcaldía no ano 2015 dende o:

- 259/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000433 01.02.16.
- 260/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000433 01.02.16.
- 261/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000433 01.02.16.
- 262/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000433 01.02.16.
- 263/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000433 01.02.16.
- 264/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. de luz. Exp. PX nº 22/2016.
- 265/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 21.
- 266/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Devolución parcial das taxas por dereitos exame para a elaboración de dúas bolsas de traballo para a prestación de servizos temporais como axudante e como peón-axudante de servizos varios.
- 267/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Devolución parcial das taxas por dereitos exame para a elaboración de dúas bolsas de traballo para a prestación de servizos temporais como axudante e como peón-axudante de servizos varios.
- 268/3 do 1 de marzo de 2016, Resolución relativa a Devolución parcial das taxas por dereitos exame para a elaboración de dúas bolsas de traballo para a prestación de servizos temporais como axudante e como peón-axudante de servizos varios.
- 269/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Comunicación da revogación da autorización para a prestación de servizos no Concello de Tui en réxime de acumulación.
- 270/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Participación do Concello de Gondomar no Plan Marco Programa de Mellora de Camiños Municipais de Acceso á Explotación Agraria 2016, cofinanciado con FEADER ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020. Exp. 8/16.
- 271/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Acreditación da dispoñibilidade de terreos onde se pretende desenvolver a actuación das obras de mellora en pavimentación de camiño Cernanda, Vincios. Exp. S 8/16.
- 272/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación das memorias relativos ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

- 273/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Acreditación da dispoñibilidade de terreos onde se pretende desenvolver a actuación das obras. Exp. PPOS-16.
- 274/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da memoria relativas ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.
- 275/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación das memorias relativas ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.
- 276/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación das memorias relativas ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.
- 277/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Honorarios pola redacción de proxectos dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.
- 278/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007112 02.12.15.
- 279/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007112 02.12.15.
- 280/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007362 10.12.15.
- 281/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. de luz. Exp. PX nº 23/2016.
- 282/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de renovación do distintivo de furancho. Exp. 11420.
- 283/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obras. Exp. 12023.
- 284/3 do 2 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 23.
- 285/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Revogación da autorización para a prestación de servizos no Concello de Tui.
- 286/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Acreditación da dispoñibilidade de terreos onde se pretende desenvolver a actuacións das obras. Exp. PPOS-16.
- 287/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da memoria relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos 2016. Exp. PPOS-16.
- 288/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para acondicionamento de local (SOLO URBANO CONSOLIDADO). Exp. 11762.
- 289/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación da renovación do distintivo "furanchos de Gondomar" no lugar de Carrasquedo de Abaixo, Vilaza, Gondomar. Exp. 11569.
- 290/3 do 3 de marzo de 2016, Resolución relativa a Devolución aval a sociedade J&L Tudó Consulting S.L. para elaboración da RPT do Concello de Gondomar.
- 291/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007442 11.12.15.
- 292/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007442 11.12.15.
- 293/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000154 14.01.16.
- 294/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000154 14.01.16.
- 295/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.
- 296/3 do 4 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitude de Ismael Rodríguez López de copia da proba de coñecementos correspondente ao procedemento selectivo para a contratación laboral temporal de tres auxiliares da Policía Local para a tempada de verán 2015.
- 297/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria de sesión extraordinaria da comisión paritaria mixta de control e seguimento do acordo regulador das condicións de



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

emprego dos funcionarios e do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral relativa ao Fondo Social.

298/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

299/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

300/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

301/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

302/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

303/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

304/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

305/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

306/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

307/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

308/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

309/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

310/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para peche de parcela cara aos lindeiros (SOLO NÚCLEO RURAL COMÚN). Exp. 12033.

311/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Inicio do procedemento de investigación dun tramo do "camiño 77" en Portavedra, Mañufe, Gondomar. Exp. R.B. 02/16.

312/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

313/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

314/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

315/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001023 03.03.16.

316/3 do 7 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación do documento xustificativo de gasto n.º 26.

317/3 do 8 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de informes en relación ao expediente de reclamación patrimonial presentado por Pablo Rodríguez Bas. Exp. RP20/16.

318/3 do 8 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de informes en relación ao expediente de reclamación patrimonial presentado por María Encina Raquel Rojo Martínez. Exp. RP35/16.

319/3 do 8 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de informes en relación ao expediente de reclamación patrimonial presentado por Daniel G. Pollero Castro. Exp. RP36/16.

320/3 do 8 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 25.

321/3 do 8 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior. Exp. 11969.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

322/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 08/2016.

323/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial nº 108/15 a instancia de MAPFRE FAMILIAR DE SEGUROS E REASEGUROS S.A. da entidade MOTO 4 RAMALLOSA S.L. de dona Natalia Conde Gestido e Marcos Rodríguez Vargas.

324/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007519 15.12.15.

325/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007519 15.12.15.

326/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. ANCERT 15.12.15.

327/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para peche final de finca (SOLO NÚCLEO RURAL). Exp. 12042.

328/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas e impostos relativos á solicitude de licenza de obra maior de subministro eléctrico en Paraboa, Chaín. Exp. 11729.

329/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxas e impostos relativos á solicitude de licenza de obra maior de subministro eléctrico en Mourisca, Chaín. Exp. 11769.

330/3 do 9 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial nº 2/16 a instancia de Modesta Martínez Puime.

331/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 27.

332/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007699 23.12.15.

333/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007699 23.12.15.

334/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007584 17.12.15.

335/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007584 17.12.15.

336/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007584 17.12.15.

337/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. ANCERT 16.12.15.

338/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitude para a tirada de fogos artificiais nas que se celebrarán os días 18 e 19 de marzo de 2016, na honra de San Xosé, no barrio de Prado da parroquia de Morgadáns do concello de Gondomar. N.º 1.

339/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Resolución do expediente de responsabilidade patrimonial nº 114/14 incoado a instancia de María del Carmen Pontes Doval.

340/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Acta da comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

341/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra. Exp. 12035.

342/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de instrutor nos procedementos sancionadores.

343/3 do 10 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Domingo González Alonso polo desenvolvemento de actividade de bar-teatro sen licenza/comunicación previa de actividade nun local sito en Pegonegro, Vincios, Gondomar. Exp. 132/09.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 344/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 345/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 346/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 347/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 348/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 349/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 350/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007746 30.12.15.
- 351/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitud de prórroga a efectos de presentación da declaración do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Exp. 7660.
- 352/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 28.
- 353/3 do 11 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 29.
- 354/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 355/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 356/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 357/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 358/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 359/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 360/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000163.
- 361/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitud de prórroga a efectos de presentación da declaración do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Exp. 0039.
- 362/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.
- 363/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Remisión expediente administrativo de contratación do servizo "Xestión e impartición de escolas deportivas municipais."
- 364/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 31.
- 365/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 30.
- 366/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación da renovación do distintivo "Furanchos de Gondomar" no lugar de Cotro, 26, Gondomar. Exp. 11270.
- 367/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior. Exp. 11984.
- 368/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior. Exp. 12017.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

- 369/3 do 14 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para substitución de material de cuberta (SOLO NÚCLEO RURAL). Exp. 12024.
- 370/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: axuda económica para pago de fra. de luz. Exp. PX n.º 24/2016.
- 371/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Acta da comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo concello en virtude do convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 372/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Revogación temporal licenza.
- 373/3 do 15 de marzo de 2016, Resolución relativa a Resolución do recurso de reposición presentado por Manuel Comesaña Araújo contra a resolución da alcaldía, de data 15.01.2016, do procedemento selectivo para a elaboración dunha Bolsa de traballo para a prestación de servizos temporais como Axudante de Servizos Varios.
- 374/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 09/2016.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar para solicitude informe urbanístico. Exp. RX 1042/2016.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón da comunicación previa de obras para substitución de material de cuberta (SOLO NÚCLEO RURAL). Exp. 11960.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación de taxa relativa á solicitude de licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en Gulfar, Morgadáns. Exp. 12018.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación definitiva de taxa e impostos relativos á solicitude licenza de obras de legalización, ampliación de vivenda unifamiliar e demolición de galpón en Gulfar, Morgadáns. Exp. 12047.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Modificación do decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.
- 101/3 do 16 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 32.
- 101/3 do 17 de marzo de 2016, Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal funcionario do Concello.
- 101/3 do 17 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000362 27.01.16.
- 101/3 do 17 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000362 27.01.16.
- 101/3 do 17 de marzo de 2016, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 00030 27.01.16.
- 101/3 do 17 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento a Consuelo Rodríguez Amorín para suspensión inmediata dos actos das obras realizadas sen licenza nin comunicación previa de obra. Exp. 20/16.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación expediente sancionador a Domingo González Alonso polo incumprimento do horario de peche nun local sito en Avd. do Conde, Gondomar. Exp. 161/15.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitude de ocupación de autorización de terraza na vía pública. Exp. RX 976/16-10374.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Toma de razón de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade para bar tapanaría. Exp. 10374.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior. Exp. 11989.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Parellas de feito.
- 101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

101/3 do 18 de marzo de 2016, Resolución relativa a Resolución do procedemento sancionador pola realización de obras de acondicionamento de local e desenvolvemento de actividade de bar sen licenza/comunicación previa nun local sito na rúa Urzáiz deste concello. Exp. 112/2011.

101/3 do 21 de marzo de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal laboral do Concello.

101/3 do 21 de marzo de 2016, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal laboral do Concello.

101/3 do 21 de marzo de 2016, Resolución relativa a Autorización para a execución subsidiaria para o mantemento de medidas de seguridade, ornato e funcionalidade público nunha finca en Mourisca, Chaín, Gondomar. Exp. 155/08.

101/3 do 23 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos n.º 33.

101/3 do 23 de marzo de 2016, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos n.º 34.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Nomeamento de tesoureira accidental.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 90/15 a instancia de María Susana Pérez Alborés.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 07/16 a instancia de MAPFRE Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros S.A. e Hipólito Pérez Rodríguez.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Incoación do procedemento de responsabilidade patrimonial n.º 35/16 a instancia de María Encina Raquel Rojo Martínez.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Requirimento de emenda a Pablo Bas Rodríguez. Exp. RP2/16.

101/3 do 28 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa especial de asesoramento e seguimento do PXOM n.º 3-16.

101/3 do 29 de marzo de 2016, Resolución relativa a Relación de nóminas do mes de marzo dos empregados públicos.

101/3 do 29 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitud de fraccionamento de débeda.

101/3 do 29 de marzo de 2016, Resolución relativa a Solicitud de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012 do 16 de marzo para o exercicio 2016. Exp. 02/16BS.

101/3 do 29 de marzo de 2016, Resolución relativa a Devolución parcial das taxas por dereitos exame para elaboración de dúas bolsas de traballo para a prestación de servizos temporais como axudante e como peón-axudante de servizos varios.

101/3 do 30 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 10/2016.

101/3 do 31 de marzo de 2016, Resolución relativa a Convocatoria da comisión informativa permanente de asuntos do pleno e seguimento órganos de goberno do Concello n.º 04-16.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

- c. **Dar conta da Resolución de Alcaldía de data 20.04.2016 relativa a avocación da delegación de atribucións feita a prol do concelleiro de Urbanismo.**

COMUNICACIÓN

Dáse conta da RESOLUCIÓN DE ALCALDIA de data 20.04.20

ASUNTO: AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Vistas as competencias que Á Alcaldía lle confire o artigo 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro en relación coas contidas no artigo 24 del RDL 781/1986, de 18 de abril, e con arranxo ao previsto no art. 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, que con arranxo á indicada lexislación o Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, que non están exprés mente sinaladas como non delegables, e pode volver a recuperalas.

Vista que por Resolución de Alcaldía de data 16 de setembro de 2016 delegouse no Concelleiro de Urbanismo, D. José Antonio Araujo Quintas a area de Urbanismo, Patrimonio e Dereito e vivenda., abarcando tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de ditar actos administrativos de tramite e resolución de procedementos nas devanditas areas.

Resultando que o devandito concelleiro, por motivos particulares, ten que ausentarse do departamento de urbanismo dende o 21 ao 26 de abril, ámbolos dous inclusive, esta alcaldía no uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, e polo disposto na lexislación vixente, pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Avocala delegación de atribucións feita a prol do Concelleiro de Urbanismo, D. José Antonio Araujo Quintas, por Resolución de Alcaldía de data 16 de setembro de 2016.

Segundo.- A presente resolución entrará en vigor a partir da data da presente resolución, sen prexuízo da posterior publicación da mesma no BOP.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Concello Pleno na seguinte sesión que celebre y notificaráselle ao Concelleiro de Urbanismo e ao departamento.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

4. Mocións.

4.a. Moción presentada en data 02.05.2016 por D. Manuel Gómez González relativa a COLOCACION DE MARQUESINAS

Manuel Gómez González, en calidade de Concelleiro e portavoz do partido **INICIATIVA POR GONDOMAR** nesta Corporación Municipal de Gondomar presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

COLOCACION DE MARQUESINAS

Ante a falta de marquesiñas destinadas os cativos que utilizan o transporte escolar nos lugares da parroquia de Couso sitos na estrada de Gondomar-Tomiño a altura do encontro co vial denominado CAMINO DE XOSÉ DÍAZ DA PORTELA e a segunda altura do cruce existente na estrada de Gondomar-Tui onde nacen os viais de LUGAR e da TORRE.

Por todo o exposto, é polo que elevo a este Pleno adoptar o seguinte **ACORDO**:

Que o Pleno da Corporación Municipal de Gondomar aprobe a colocación das devanditas marquesiñas nos lugares sinalados.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, ¿alguén máis pide a palabra? Non.

Dicirille que imos apoiar esta moción súa, non só imos apoiar esta moción, senón dicirille que estamos ademais levando a cabo un estudio detallado para repoñer máis marquesiñas cara xa



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

ao inicio do curso en setembro. Fálase dunha marquesiña máis en Borreiros, unha en Mañufe, substituír a de Mañufe que hai no cruce nas subida á Texosa, aquela marquesiña de chapa que hai, que é lamentable tela alí do no 2016, e entón faremos todo o posible por suposto, para que en setembro cando empece o curso académico, que haxa unha reposición xa e incluso implantación de marquesiñas onde sexa necesario. De feito, mire si somos defensores das marquesiñas, que despois de cinco anos, a marquesiña da Ramallosa, de (..) lembra cando eu trouxen aquí unha moción e non pasou porque era Nigrán, ou había quen dicía, póñase vostede co paraugas alí en vez de estar no Venecia, a abrigar á xente. Pero bo, hoxe a marquesiña da Ramallosa está colocada e os veciños de Gondomar, pois cando veñen para aquí, poden abrigarse, só lle falta un banco, que non o hai e tamén o estamos solicitando, e nada máis, imos aprobar a moción. Entón pola nosa parte non hai ningún problema. Por alusións, supoño darase por aludido.....

Sr. Gómez: Pois nada Alcalde, que me alegro un montón porque bo, primeiro que a apoiem e que a vaian facer se é que está con isto, si pode ser antes... e senón si é para setembro que os cativos teñan as marquesiñas para resgardarse.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

4.b. Moción presentada en data 02.05.2016 presentada polo Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto PARA DECLARAR GONDOMAR VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.

O Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto - Sra. Varela presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA DECLARAR GONDOMAR VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS**

Sra. Varela: grazas Sr. Alcalde, boas tardes. Bo hoxe o Consello Municipal trae esta moción achegada pola Organización Animalista Libera, que están facendo moi bo traballo pola protección animal e levan a presentación de esta moción en todo o estado. Xa hai máis de 300 municipios que aprobaron esta moción, que xa está declarados Vilas libres de circos con animais. En Galicia xa son 44, das cales as sete grandes cidades tamén están nesas vilas que aprobaron esta moción, e bo esperamos que hoxe sexa Gondomar a que se apunte tamén a avanzar na protección contra os delitos aos animais. Paso a ler a moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cuestión do respecto cara os animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos "estereotipados", como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan aos animais como reclamo do público infantil. Queremos que os pequenos e pequenas deste país, a Sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara os seres vivos e o entorno.

Por todo isto, propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:

1. Que o Concello de Gondomar non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar o Concello de Gondomar Vila libre de circos con animais.
3. Que o Concello de Gondomar non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galicia, aos grupos do Parlamento de Galicia e a Asociación Animalista Libera.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: grazas Sra. Varela, ¿intervencións?. ¿Ningunha?

Dicirille Sra. Varela que nos tamén apoiaremos esta moción porque ademais xa non é, eu creo que non é a primeira que viu a este Plenario, unha moción igual ou similar, xa foi aprobada aquí en anteriores gobernos, e nos por suposto que estamos de acordo. Non só iso, que tamén consta así reflectido no acordo de Goberno que temos, e que tiñamos, sen prexuízo de que en algún momento incumpramos ao mellor a lei, que aí non o podemos facer. Me refiro a cando se dí como o do apartado 1, que o Concello de Gondomar non autorice, pois ao mellor non somos quen de non autorizar, si a Lei de Espectáculos o permite e demais, ao mellor temos esa salvedade de que nos non podemos prohibir. Podemos compartir, ou non querer animais con circos, podemos non promover, non amparar, pero ao mellor prohibir, pero bo, dígollo atendendo ao principio de legalidade, claro, tamén imos apoiala pero chegado o momento, si os informes dos técnicos e demais nos din que non o podemos facer, pois faremos a nosa



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

protesta persoal, política ou o que sexa pero ao mellor si estamos obrigados a dar unha autorización, con esa salvedade, que non quero dicir con isto que amparemos os circos con animais. Polo tanto a nós nos parece axeitada, nos parece ben, e imos apoiala por suposto. Grazas. ¿Sr. Gómez?

Sr. Gómez: Bo, de todas formas, non aclaramos nada. A moción de Gondomar Concello Aberto é para que neste caso o Goberno non o permita. Vostede di que salvo a savedade, normativa e tal, que ao final se queda, pero bo a partir do informe do Goberno, o Goberno ven sendo o mesmo, aquí montamos un lfo que non me dou aclarado. Eu aparte da aclaración e todo iso, eu si que, o noso grupo e eu particularmente todos o saben que son un gran aficionado aos animais e todo iso, e bo que os amo, de toda a vida, todos o saben. Pero en esa desconfianza que teño, non imos entrar en ese tema para nada, nin vou entrar en ningún debate. O noso grupo Iniciativa por Gondomar se vai a abster.

Sr. Alcalde: ben, é máis fácil non mollarse. Eu só digo que ao marxe de que estamos de acordo con esta moción, por suposto, eu só deixo eses matices en riba da mesa, que si por lei non podemos non autorizar e non podemos facer outra cousa, ao mellor eu como Alcalde me teño que, me guste ou non, non podo facer nada legalmente para que isto non pase, é a salvedade que eu quero. Lle poño un exemplo; si eu non quero tirar unha casa pero me di o xuíz que teño que tirala, por moito que eu non compartira esa opinión, non me queda outra. Si nos non queremos circos con animais, e chegado o momento non nos queda outra que ao mellor de acordo a normativa vixente, non poder dicirlle non, pois é o que quería dicir. Que por suposto imos apoiala con ese pequeno matiz, que non imos desviarnos do que é a legalidade, si por desgraza temos ese inconveniente, pero de entrada vía libre porque non queremos animais con circos, por suposto. Era ese matiz. Grazas. ¿Sra. Varela?

Sra. Varela: a ver nos traemos esta moción, como xa dixen, xa hai máis de 300 municipios que aprobaron esta moción, entre eles hai cidades como Barcelona, os exemplos que me está poñendo vostede, home non creo que veña unha orde xudicial para obrigar a Gondomar a poñer un circo con animais. É unha cuestión dunha Declaración Política de que Gondomar se declara en contra de estes circos, que necesitan un permiso municipal e que vai haber, en caso de que se aprobe un acordo Plenario que diga que Gondomar se declara en contra de istos espectáculos. Si vostede non se quere mollar, pois tamén se pode abster pero se vai votar a favor, se supón que isto despois se vai cumprir, que non se vai quedar en papel mollado.

Sr. Alcalde: por suposto que lle imos votar a favor, nos somos quen ademais de posicionarnos. Non hai ningún problema, pero mire, ¿sabe por qué llo digo? por unha sinxela razón. Porque, me di o secretario municipal entre outras cousas, ¡Olló! Porque ao mellor esta moción, si vai así, de non autorizar ou non permitir, podedes estar incumprindo a Lei, e ao mellor é ilegal. Entón eu, ante ese matiz xurídico de un técnico, quero facerlle a salvedade, que por suposto que estamos en contra, pero si temos que desviarnos da legalidade chegado o momento, quero que o saiba. É un matiz, eu supoño que non chegará nin ese momento, nin haberá ese problema, pero eu a esta invitación do asesor xurídico do Concello que me fai, por iso eu quero trasladalo, para que quede claro por si mañá pasa algo e ao mellor temos que de algunha maneira, deus non o queira, desviarse do que é o contido íntegro da moción e non quedar mal, e dicir, aprobaron unha moción e non lle fan caso. Por suposto estamos de acordo, pero si fose ese o caso, de que nos desviáramos da legalidade, esa salvedade, eu estou seguro de que non vai pasar, pero por iso ese matiz, atendendo un pouco ao que el me di como Secretario do Concello, e ademais o teño aquí anotado. Nada máis.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e con o seguinte resultado: 14 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 04 do Grupo Municipal do PP; e 03 abstenciones: do Grupo Municipal I.X.G; acurda aprobar esta moción arriba transcrita.

4.c. Moción presentada en data 02.05.2016 presentada polo Grupo Municipal de Gondomar Concello Aberto relativa a SEGURIDADE ESTRADA PO 331, VINCIOS.

Paulino del Río Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN : SEGURIDADE ESTRADA PO 331, VINCIOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución do 78, no seu artigo 148.1.5º, establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio destas.

O Estatuto de autonomía de Galiza, no seu artigo 27.8, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio da CCAA.

A Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, determinou o seu réxime, e a creación da Axencia Galega de Infraestruturas a través do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o seu estatuto, fixo necesaria a adaptación do texto lexislativo a este novo escenario, froito disto é Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

O obxecto desta lei é regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da CCAA de Galiza ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección daquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das súas distintas administracións titulares.

Correspóndelle ao titular da vía todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así coma o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponder como titular da estrada.

O Plan de seguridade viaria 2016-2020, que ven a substituír ao anterior 2011- 2105, que tiña entre os seus obxectivos estratéxicos "Promover contornos urbanos seguros, protexer aos usuarios vulnerables e mellorar a colaboración entre administracións. Os obxectivo do Plan 2016-2020 son a **Xestión da seguridade viaria**, un has **Vías de Tránsito e mobilidade máis seguras** e uns **Usuarios de vías de tránsito máis seguros**. E cunha definición na "mellora da seguridade viaria na zona de circulación e nas marxes das estradas", a "mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables" ou un "itinerario escolar seguro" mesmo "campañas de sensibilización de seguridade viaria dirixidas aos proxenitores e os seus fillos".

En Gondomar, entre outras, temos a estrada PO-331 (Torneiros PO-511, Gondomar PO-340, catalogada como PC, cunha lonxitude de 18,37 Km) de titularidade autonómica, que dende os Arcos ata o Polígono da Pasaxe descorre polo núcleo urbano de Vincios densamente poboado. Estrada que se pode considerar unha travesía urbana e pola que circulan a diario



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

unha densidade de vehículos moi considerable, xa que conecta ao Val Miñor con Vigo e Porriño.

Nesta núcleo prodúcense situacións de perigo a diario para os que teñen que cruzar esta vía, xa que algúns pasos de peóns que hai na actualidade non dan unha resposta adecuada e satisfactoria á seguridade dos mesmos. Esta é a situación na que se atopa o paso de peóns sito á altura da ferretería de Vincios, nas proximidades da rotonda dos Arcos. A unha e outra beira da estrada hai dúas paradas de autobuses, que son utilizadas, entre outras, para o transporte escolar, tanto dos nenos e nenas que realizan os seus estudos no CEIP Serra Vincios como polos que estudan no centro da vila nos institutos IES Terra de Turonio e IES Auga da Laxe.

De nada valen as campañas de sensibilización de seguridade viaria dirixidas ás familias se logo non se poñen en valor e se actúa en consecuencia. O "itinerario escolar seguro" tamén comprende o que en dereito laboral se entende como "*In itinere*", o traxecto que se utiliza durante o desprazamento dende o domicilio e o lugar de traballo, traslademos isto ao ir e volver do centro escolar.

Sabemos da preocupación da veciñanza de Vincios por esta situación. Xa houbo diferentes actuacións por este tema. Dende escritos asinados polas nove entidades veciñais de toda índole que existen na parroquia, como das xuntanzas producidas con representantes e técnicos da administración autonómica. E sabemos da toma en consideración por parte da devandita administración para resolver este tema. Nun principio se falaba de poñer un paso de peóns elevado, pero a contestación de Estradas é evidentemente por este IMD superior aos 5000 vehículos, está prohibido instalar pasos elevados. Pero a día de hoxe a situación está sen solucionar e o citado paso de peóns segue a ser absolutamente insuficiente, tal como está, para garantir a seguridade tanto dos escolares como da veciñanza usuaria da vía.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Gondomar solicita á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que solucione esta situación de inseguridade viaria, implementando as medidas técnicas e normativas necesarias no paso de peóns referenciado.

Que se lle dea traslado deste Acordo Plenario á Xunta de Galiza (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) aos efectos oportunos.

Que o Sr. Alcalde dea conta a este Pleno das xestións realizadas ao efecto pola Administración Autonómica.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Del Río. ¿Intervencións? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Nos por suposto, estamos completamente de acordo coa moción, e mesmo en ela hai unha frase que a min me parece moi acertada, que é, esa zona de Vincios se pode considerar unha travesía urbana. Efectivamente iso é o que é, é unha travesía urbana, practicamente unha rúa con un tráfico tremendo e que por algún motivo, que eu non vou a expoñer aquí, todos o saben, practicamente todo o mundo vai por aí, todo o núcleo de Gondomar, das parroquias, de Porriño, todo o mundo vai por aí, e non utiliza a autopista. Xa hai algún tempo, aquí houbera unha moción, creo que non me lembro ben, si houbera unha



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

moción ou si se levara a Xunta para intentar que non houbera unha peaxe tan alta. Nos incluso daquela fóramos a falar co conselleiro que había para que a peaxe si fora, si houbera unha peaxe sola, por exemplo en Víncios co importe que ten (...) e que o resto do val non tivera peaxe.

Claro en Vilaza, si non me lembro mal creo que son 0'80 e en Ramallosa deben ser 1'15, 1'10 polo menos, é dicir claro, imos por Víncios, temos tendencia a ir por Víncios porque claro son 0'35 e non pagar 0'80 euros. Entón, nos daquela propoñiamos, tamén lle pediría neste caso ao Alcalde que faga, que siga facendo xestións para intentar recompoñer esas peaxes para provocar que todos nos utilicemos máis a autopista e non tanto a estrada de Víncios. Polas mañás, a certas horas, é o que di o concelleiro, se xuntan coa hora dos nenos e o tráfico é tremendo, moitísimos coches, e baixando, aínda que a velocidade está regulada, todos somos humanos, e sen tocarlle ao coche vas a moitísima velocidade. Tes que darte conta de que ¡coidado! hai uns semáforos regulados e uns pasos de peóns regulados con semáforos, efectivamente. Probablemente, si tamén houbera que regulalos cos semáforos, eu non sei a solución que se lle dará, pero desde logo creo que sería interesante provocar ou facer que o uso da autopista sexa máis forte, máis importante, evitar o paso por Víncios, sobre todo pola parte esta da parte sur de Gondomar, incluso de Tomiño ou de outras zonas que veñan por aquí para Vigo. Nada máis, por suposto que como dixen antes, o noso voto é a prol. Grazas.

Sr. Alcalde: grazas ¿intervencións?. Nada. Ben ao respecto, teño que dicirlles que desde este Goberno xa son reiteradas as veces que se lle trasladaron á Xunta de Galicia escritos, solicitando, primeiro os pasos elevados en Víncios, se lles solicitou e ademais está aí a solicitude feita, é mais tivemos unha xuntanza con Estradas onde se lle pediu persoalmente. Fixeron un estudo, e nos din que si, que é certo, que pola densidade de tráfico non se poden colocar istos pasos elevados ou lombos de asno, que non os van poñer. É unha estrada de titularidade autonómica e eles teñen a competencia para facelo ou non. Se lles pediu tamén un estudo da rede semafórica e se lle trasladou tamén que se puxera un semáforo á altura de ese paso de peóns que vostedes din, desa ferretería, para que se puidera accionar primeiro, cando os peóns van cruzar ou incluso se puidera activar a determinadas horas cando houbera máis densidade de peóns cruzando ou non. Si que é certo que quedaron en estudar esta posibilidade e trasladarnos unha resolución, que a data de hoxe non fixeron.

Por outra banda, si que é certo que remodelaron parte das estradas da xunta, falamos da PO 331 ou incluso a PO que vai a Nigrán. Cambiáronlle o firme para que non tivera problemas de deslizamento, reforzaron a sinalización cuns gardaraiños, quitamedos, incluso utilizaron as bandas para que os motoristas non sufriran accidentes tan graves, e sinalizaron o Colexio de Vilaza con sinalización vertical de efecto reflector. En xeral fixeron actuacións aí, pero si é certo, que sobre a situación do tráfico rodado en Víncios, a data de hoxe, non temos resposta da rede semafórica. Volveremos a facer fincapé unha vez máis porque nos, claro, por suposto estamos de acordo con esta moción, estamos de acordo e tanto que estamos de acordo. Eu creo que non hai ninguén que non estea de acordo, obviamente, pero non damos feito moitas cousas, e tamén hai que dicir que en ese sentido, si que nos atenderon as demandas que lle pedimos con esa excepción. Cambiaron firmes, sinalizaron, incluso en Vilaza en varias zonas asfaltado das marxes da beiravía, e volveremos a presentar outro escrito e non só iso. Eu sei ademais, que os veciños e as asociacións presentaron escritos no Concello, porque faloron ademais persoalmente comigo, e eu incluso lles pedía que fixeran esa recollida de firmas e que nolas trasladaran para facer máis forza ante o Goberno Autonómico. Na próxima reunión que eu mantereirei co Vicepresidente da Xunta o próximo martes, salvo que haxa cambios na súa axenda, pois entre outras cousas recordareille outra vez pois, que tome nota de isto, que interfira e axude a Gondomar a facer os pasos elevados de peóns e a sinalización que sexa necesaria das súas estradas, limpeza das mesmas, cunetas, e tamén lle lembrarei que tamén interfira dentro do que poida, coa concesionaria para a liberalización das peaxes do Val Miñor, que é ademais unha demanda reiterada por todos os grupos políticos aquí representados,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

tamén hai que dicilo. Todos coincidimos que o Val Miñor debería estar libre de peaxes, e en vez de ter autoestradas, que fosen circunvalacións da periferia de eses tres concellos; Nigrán, Baiona e Gondomar, e tamén aproveitarei para dicirlllo. Por suposto, imos facelo sen problema, e estamos encantados de que veña aquí, e só dicirlle ao voceiro do Partido Popular, ao Sr. Guitián e ao seo grupo que do que poda axudarnos, xa que vostede ten tamén contactos coa Vicepresidencia e co Partido Popular en Galicia, que tenda unha man a desbloquear isto e agradeceríalle tamén que puidera chamar ou interferir dalgunha maneira, para que as nosas demandas tamén sexan atendidas con máis agarimo. ¿votos...

Sr. Pauliño: Sr. Alcalde, remato eu a moción, as mocións as rematan os que as propoñen

Sr. Alcalde: Si, si vostede me di que quere acabar. Daba por feito que xa había dito todo. Non é a miña intención que non acabe vostede. Ten a palabra Sr. Pauliño.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde. Ben, evidentemente, veremos como si con un acordo que se presume unánime, pois a Xunta ten máis en consideración as palabras do Alcalde coa única demanda que non pretende satisfacer ao Goberno Municipal. Polo tanto, si é a única, a situación é bastante complicada e antes de que se produza un accidente que ninguén desexa, pois razón de máis é a única para que a tomen en consideración e a solucionen. E no tema da peaxe, pois é evidente, eu creo que todos os que aquí estamos, os que xa pasaron por aquí e os que virán, supoño que hai unha demanda de sentido común, que é que a estrada de peaxe se converta nunha circunvalación do Val Miñor, evidentemente, iso é de sentido común. Polo tanto máis nada. Grazas Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: grazas Sr. Del Río, perdoe que non era a miña intención quitarlle a palabra, perdoe.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

4.d. Moción presentada en data 02.05.2016 presentada polo concelleiro D. Paulino del Río Iglesias relativa a TRANSPORTE INTERURBANO EN GONDOMAR.

Paulino del Río Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN : TRANSPORTE INTERURBANO EN GONDOMAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal Supremo, sala do contencioso-administrativo, sección terceira, estimou a casación de do recurso contencioso-administrativo interposto pola Comisión Nacional da Competencia sobre o Plan de Modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galiza, o pasado día 14 de abril do ano en curso mediante a súa sentenza nº 585/2016. O fundamento xurídico é o exceso do prazo máximo permitido pola normativa comunitaria para a duración das concesións ó regular a súa prorroga.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Este fallo do Tribunal Supremo anula a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza desestimatoria do recurso promovido pola devandita Comisión Nacional da Competencia contra a Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza de data 26 de febreiro de 2010, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular e contra a resolución da ditada Consellería de 22 de xuño, que non admitiu, por falla de lexitimación, o requirimento previo á interposición do recurso contencioso-administrativo conforme ao artigo 44 da Lei xurisdiccional, formulado polo Presidente da Comisión da Competencia o 29 de abril de 2010.

O recurso foi formulado dada a infracción do Regulamento CE 1370/2007, do Parlamento e do Consello, de 23 de outubro, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, en relación co artigo 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o artigo 2 do Código Civil.

O artigo 4.3 do citado Regulamento establece que "A duración dos contratos de servizo público será limitada e non poderá superar dez anos para os servizo de autobús ou autocar..." Por outra parte "o apartado 4 do propio artigo 4 so prevé a prorroga das concesións en situacións moi delimitadas e como máximo pola metade do período orixinal, mentres que a prorroga prevista pola Lei galego e feita efectiva pola resolución impugnada na instancia é incondicional e por dez anos máis a todas as concesións en vigor, con independencia do seu período inicial, do período xa transcorrido e de calquera outra circunstancia".

A aprobación en 2010 da prorroga exprés que anula o Tribunal Supremo xa foi controvertida. A Xunta de Galiza aprobara a Lei que sustentou a prolongación do prazo sen dítame do Comité Galego de Transportes, nin do Consello Económico e Social, nin se lle remitiu a outras consellerías como é preceptivo en todos os anteproxectos de lei. É máximo esta que afectaba tamén ao transporte escolar. A tramitación no Parlamento fíxose en lectura única o que significa sen posibilidade de emendas parciais.

Tendo en conta que esta sentenza incide de xeito directo no noso Concello e no conflito e problemática do transporte de viaxeiros en Gondomar, (as empresas en disputa en Gondomar estaban persoadas na causa). Conflito que dende hai décadas afecta aos veciños e veciñas usuarios deste servizo esencial, e que teñen que sufrir diariamente o esperpento de terse que baixar na parada de Mañufe ou non poder ir máis aló da Florida en Vigo.

Tendo en conta que pode ser unha posibilidade de solucionar dunha vez por todas esta situación e dado que é a Xunta de Galiza a que ten as competencias do transporte interurbano e que terá como administración responsable que acatar e executar o contido desta sentenza e que ademais non todas as concesións das 144 rutas afectadas están na mesma situación, xa que se fala de que hai contratos de concesionarias, en número de 84, que expiran máis aló do 2020, 19 desta superan o 2025 e mesmo hai unha que o fai no 2029, outras vencen antes do 200 e mesmo outras quedan fora desta resolución. Das 144 hai que licitar de novo 129 concesións.

Tendo ademais en conta que a Xunta de Galiza mostrou a intención de recorrer ao Tribunal Constitucional, co recorrido que poida ter, e que as empresas do sector ameazan con reclamacións, xa que as prorrogas foron feitas a troco da modernización por parte do sector da modernización da flota de autobuses. A situación é cando menos confusa e nos, como Pleno da Corporación e como representantes da cidadanía, debemos ver esta nova situación como unha xanela de oportunidade para solucionar ou cando ter claro cal é neste momento a situación do transporte interurbano no noso concello e como vai evolucionar nun futuro próximo.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

ACORDO:

O Pleno do Concello de Gondomar solicita da Xunta de Galiza, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Mobilidade, ou organismo competente na materia, información sobre como afecta a devandita sentenza do TS ás concesións do transporte interurbano e ás empresas ATSA e Melytur que operan en Gondomar. (Prazo das concesións, nova licitación, etc.).

Tendo en conta o anterior cal van ser as medidas que pensa adoptar a Administración Autonómica para solucionar o tema do transporte interurbano en Gondomar.

Solicitar unha xuntanza entre a Dirección Xeral de Mobilidade ou organismos competentes e os representantes desta Corporación Municipal para tratar este tema. (De ser posible a celebrar en Gondomar).

Que se lle dea traslado desta Moción á Xunta de Galiza, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Mobilidade ou organismo competente, aos efectos oportunos.

DELIBERACIÓN

Sr. *Alcalde*: Moitas grazas. ¿Intervencións? ¿Ningunha? Sr. Pauliño remate, non hai intervencións.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

4.e.- Moción de data 02.05.2016 presentada por D. Paulino del Río Iglesias relativa a USO CENTRO NEURAL.

Paulino del Río Iglesias, concelleiro da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN : USO CENTRO NEURAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O centro neural de Gondomar é produto dunha liña de axuda da convocatoria 1/2003 do programa PRODER II (programa de desenvolvemento rural da Unión Europea), promovido pola ADR (Asociación de Desenvolvemento Rural) da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo (MAIV).

A esta liña de axudas PRODER, preséntanse tódolos concellos que forman a MAIV, agás Vigo. O proxecto presentado por Gondomar obtivo un dos tres centros que se adxudicaron. Alcanzou a puntuación máxima nos criterios de selección valorados polo proxecto: viabilidade, coherencia, calidade, características do promotor e impactos xerados. O financiamento outorgado foi ó 80% a posta en marcha do centro neural.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O centro concíbese como un elemento difusor da sociedade da información en ámbitos rurais de escala comarcal, o obxectivo base é que a poboación poda acceder de xeito doado as novas tecnoloxías da información, así mesmo este tipo de centros pretende constituírse nun elemento de apoio nas accións de dinamización rural e no fomento do territorio e dos recursos locais.

O centro neural, inclúe servizos de carácter gratuito, relacionados coas novas tecnoloxías da información e a comunicación. E inclúe no seu espazo unha sala multiusos con capacidade para 60 persoas e dotada de medios audiovisuais para desenvolver conferencias, videoconferencias, exposicións, seminarios e outros actos.

A principios deste novo mandato municipal, 2015-2019, a Policía Local trasladouse para este centro, ocupando os espazos destinados inicialmente para cibercentro, sementeiro de empresas e oficina. Quedando, a sala de reunións e a sala multiusos fora do ámbito das instalacións da Policía local. Esta sala foi utilizada, máis aló de para realizar cursos ou seminarios impartidos pola administración local ou a Cámara de Comercio para que distintos colectivos, mesmo as formacións políticas puidesen celebrar distintos actos ou asembleas.

Agora unha decisión do goberno, Sr. Alcalde ou do seu gabinete impide que este último uso se poda realizar. A Gondomar Concello Aberto lle foi negada a sala multiusos para a realización das súas asembleas. Este feito se agrava por outra decisión tomada polo goberno municipal de dividir o outro espazo que se tiña para realizar encontros cidadáns como era o antigo salón de Plenos da Casa da Cultura. Este foi dividido en dous por unha mampara para, en palabras do Sr. Alcalde destinar unha parte para arquivo/almacén de distintas concellarías e o outro para unha aula de formación.

Quedamos pois en Gondomar sen ningún dos dous lugares existentes ata agora para a realización de xuntanzas cidadáns. Non parece razoable nin de sentido común. A constitución do 78 no seu artigo 9 apartado segundo establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan e dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte

ACORDO:

A sala multiusos do Centro Neural estará ao servizo da cidadanía de Gondomar e seguirá tendo entre os seus cometidos o seu uso para xuntanzas veciñais e cidadáns, incluídas ás das formacións políticas/ a fin de fomentar e facilitar a participación de todos e todas na vida política/ económica/ cultural e social do noso Concello.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño ¿Intervencións? Sra. Salgueiro ten vostede a palabra.

Sra. Salgueiro: Boas noites. Anunciar que o voto do noso grupo, que como non podía ser doutro xeito, vai ser a prol. Nos xa comentamos este escenario en máis dunha ocasión, que o centro neural críamos que tiña que ter un destino, un destino que era pois, dedicado ao emprego, a formación e por suposto a poder garantir aos veciños, ás asociacións, a calquera colectivo, poder reunirse na sala multiusos porque teoricamente e practicamente é o único espazo que podemos ter coa posibilidade de poder facer xuntanzas de un grupo considerable de persoas. Durante a época na que (...) incluso trasladamos a cámara de comercio ao Centro



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Neural tamén e intentamos potenciar ao máximo o que da este espazo. Entón consideramos e creemos que non é (...) quitarlle un pouco máis o uso que houbo nun principio, para o que estaba destinado e como estaba (...) na moción, se construíu con fondos europeos cunha finalidade concreta, entón calquera moción que fora en este senso, nos imos apoiala.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro. Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: (...) rogos e preguntas, dicirle que no próximo Pleno, que esta mesa que teña dous micros, igual que ten esa mesa de vostedes, igual que ten aquela, que nos reduciron a un micro e temos que andar a.....¿qué pasa, hai menos presuposto ou xa nos ten.... non será un problema, non, nesta banda de aquí?, ja ver si vostede ten dous, a mesa aquela de alí ten dous e esta ten un! pero imos, imos ao tema. Nos en relación á moción, por suposto que imos votar a prol, imos a votar a prol porque aparte non hai sitio.O sitio que hai en este momento, que se adapte para ese tipo de (...) porque cando algunha vez se solicita algunha a Casa da Cultura, hai persoas que teñen dificultades, mobilidade reducida, e na Casa da Cultura é imposible (...) entón no seu día, foi feito máis ou menos con ese fin. Nada máis.

Sr. Alcalde: Grazas. O Goberno, empezar dicindo que as decisións tómaas o Goberno, non as toma o Gabinete de Alcaldía. Polo tanto para ben ou para mal asumo a miña responsabilidade como Alcalde. O que si que me gustaría que me aclararan, é porque eu creo que estamos falando de algo que salvo que vostedes me digan, algo que é habitual. É dicir os locais que están a disposición dos grupos políticos, das asociacións e de todo movemento asociativo son; o Auditorio Municipal (cando o piden), a Casa da Cultura (que practicamente queda a mesma, salvo un pequeno currunchu no que se fixo un arquivo), o Centro Neural, e incluso as Aulas todas de formación... etc., que hai do CDL, as mesmas que houbo sempre. A ver, pode haber erros ou cousas que eu como Alcalde non me decatase, pero me gustaría que me dixera Sr. Pauliño, cando vostede pediu o Centro Neural ou cando pediu calquera centro e non se lle facilitou, porque eu non teño constancia de iso, non vaia a ser que non me haxa decatado. Teña por suposto que si así é, tomo nota.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde. Nos solicitamos o Centro Neural, foi en semana santa, e se nos negou, de feito tivemos que facer o (..) na Casa da Cultura. Se nos negou o Centro Neural.

Sr. Alcalde: Se lle negou por escrito ¿quén llo dixo?

Sr. Pauliño: Non, non, (...) foi dito por iso, estaba posto alí, eu non lle vou votar a culpa... quen nos dixo a nos isto foi (...) que non se podían organizar actos no Centro Neural e polo tanto estaba a nosa disposición a Casa da Cultura. Non temos o costume de dicir unha cousa por outra, e o feito de que nos digamos iso, así se nos manifestou, creo recordar que ademais vostede nunha conversa que tivemos os distintos concelleiros con este tema dixo que non se vai poder usar nese acto entón, hai un feito concreto, evidentemente, e o feito é cando nos quixemos celebrar unha asemblea na semana santa e se nos denegou.

Sr. Alcalde: Mire, eu non digo que non se lle haxa negado.O que pasa e que o negarlle un local non quere dicir que sexa un capricho, moitas veces é unha necesidade. Mire, eu voulle poñer un exemplo, hoxe, aquí, a esta mesma hora tiña que ensaiar un grupo de danza, e polas razóns que nos traen aquí, tivemos que dicirle que non podían facelo porque hai un Pleno da corporación e tivemos que reubicarlos na Casa da Cultura. E moitas veces, pois cando se piden os locais están xa concedidos, entón hai que dicir, está concedido, pois a outro sitio. O que si se dixo era que no Centro Neural, por medidas de seguridade, ata as dez está a Policía Local, entón si alguén pide xuntanzas alí máis tarde das 22:00 horas, como a Policía se vai e activa a alarma e sobra dicir que hai armas de fogo, etc., por medidas de seguridade, si van a estar



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

máis tempo das dez da noite, que mellor pidan outro local, a Casa da Cultura, etc, porque senón hai que deixarlle as chaves, hai que deixar a alarma sen activar, etc. Entón é o que se lle está preguntando a moitas asociacións e grupos políticos. Nos mesmos, cando nos xuntamos alí, o noso grupo, ou marcha ás dez, ou obviamente pide outro sitio. Nos fixemos reunións na Casa da Cultura, etc. Vostedes o outro día, pediron a Casa da Cultura, non houbo ningún problema e así sucesivamente. Despois hai casos que hai que entender. Primeiro, os locais non son do Goberno nin son meus. Os locais son da cidadanía e están para usar, iso vaia por diante, atendendo a características concretas e a circunstancias concretas, se pode deixar un local ou non se pode deixar un local, iso pasou sempre, neste goberno e noutros gobernos. Mire, a nós nos solicitaron, voulle poñer un exemplo, o día 28, Jimena Varela o local para o día 29, solicítano no día, preséntano ao rexistro, sóbeno o día 29, hai que facer a resolución, e moitas veces pasa que ao mellor está ocupado e hai que dicirlle, non pode ir alí, tedes que ir a outro sitio, iso pasou. Por exemplo, temos outro caso, aquí Elisa Suárez de Podemos, eu sinceramente non sei, hai tantos partidos políticos en Gondomar, que xa non sei si vostedes son Podemos, Anova, Izquierda Unida, pero en este caso Podemos pide o local, tamén o pide para o día seguinte, se fai a resolución, quedou de vir a buscala para coller as chaves, e non apareceu, e estaba feita para o día seguinte, iso é o que pasou e tamén ao mellor é isto, pedírona para o uso do CDL, non o Centro Neural, está aquí, pediuno ela. Solicita o uso dun local no CDL de 19:30 h a 20:00 h para facer a devandita asemblea. Entón se lle da o CDL. Pero, non viu a buscala tampouco.

Sra. Salgueiro: o que ten que facer é dicir, está dispoñible a sala multiusos do Centro Neural para reunións si ou non. No anterior Pleno, xa en rogos e preguntas, xa se falou de este tema, xa vostede correu a (...) non sei, dunha forma estraña que si había armas, que si ás dez, que si ás once, que si ás nove, e agora imos co mesmo. Creo que o seu, ou sexa, o que ten que facer, é definir totalmente si podemos utilizalo Centro Neural ou non.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sra. Salgueiro, paréceme ben que sexa vostede tan explícita, pero de momento non lle vou permitir que diga, ou sexa que teña que dicir eu o que queira oír, si me desvío ou non me desvío, eu, cando vostede intervén, doulle liberdade para que diga o que queira sempre que sexa respectuosa con este Plenario. Faltaría máis que tivera que dicirme a min o que teño que dicir. Eu argumento unha moción como queira, e vostede si quere me escoita e senón nada, ¿vale? iso primeiro. Estou dando datos concretos, do que pode pasar ante unha situación de feito, estoulle dicindo que os locais do concello, non os locais do Sr. Alcalde, están a disposición de todos os concelleiros, os grupos políticos e movementos asociativos para que os usen, pero nos temos unha obriga primeiro. A nosa obriga é gobernar, distribuír e redistribuír as instalacións municipais e concedelas atendendo a principios legais de prazos e solicitudes, e é o que se está facendo. Cando a vostede....., ¿nalgún momento se lle privou dun local? Non ¿a vostede se lle privou nalgún momento dun local?

Sra. Salgueiro: Si

Sr. Alcalde: puido ser que si, é verdade, vostede sempre está dando uso da palabra, e dando uso da razón. Vostedes pediron un local, e se lle dixo que non, e hai que crelle, porque son vostedes.....o que vostedes fan é, ¿verdade? Palabra de Deus. Pois eu dígolle, que vostedes presentan aquí solicitudes, un día solicitando o local, o día seguinte cando sube o mesmo día, e moitas veces se lle deixa, chamándolles para dicirlles que veñan buscar a chave e a resolución, dun día para outro. E non é para nada intención deste Goberno, coartarlle o debate político, nin a Podemos, nin a Izquierda Unida, nin a ninguén, faltaría máis. Teñen a súa disposición o Centro Neural, a Casa da Cultura, cando vostedes queiran, sempre que o pidan en tempo e forma, e non estea ocupado. Si vostede me di que ese día non puideron ir ao Centro Neural ou a onde sexa, polas razóns que....., eu non sei, din vostedes que non se lle



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

deu. Ese é moi fácil dicilo, pero perdoen que lle diga que non os creo, porque me estraña que si houberan pedido ese local por capricho deste Goberno se lle dixera que non, porque non se lle dixo que non, nunca. É máis, se lle chama directamente á xente, para que veñan a buscar a resolución ao día seguinte e se lle entrega as chaves. Sempre, como foi sempre. E vostedes o saben, porque nalgunhas ocasións, chaman telefonicamente para preguntar ¿está a Casa da Cultura libre, está tal...? se lles di si, non, presenta a solicitude, se lles da a resolución. Entón eu, si me preguntan concretamente ¿este Goberno vai permitir co CDL estea a disposición de asociacións? Si, Centro Neural, CDL, Casa da Cultura, si todos, sempre que o pidan e sempre que se lles poida dar. Agora, nos temos o Centro Neural ocupado moitas veces con cursos, como hai, con xornadas, con charlas, etc., etc.. e entón hai que atender pois a un criterio que obviamente é obxectivo, e si non se poden reunir vostedes no Centro Neural, pois van á Casa da Cultura, ou ao Pavillón ou ao Salón de onde sexa, e saben ademais que é así. Vaian a onde queiran, pídano e non hai ningún problema, pero nin para vostedes nin para ninguén. Creo que nunca, que ningún Goberno, nunca ningún Goberno da historia de Gondomar pasou por isto de ter que prohibirle a alguén os locais. Non o imos facer nos tampouco, faltaría máis. Agora, si un día me di que non llo deixamos, pois eu podo dicirlle, pois pode ser, pero estou seguro que non foi un capricho nin por quitarlle para nada o uso da razón, nin coartarlle o debate político, nin que se puideran reunir. Eu o que si digo é, e llo pido ademais ás asociacións e a vostedes, si piden o Centro Neural cando está a Policía Local, e van a estar máis alá das dez da noite, por seguridade para que aquilo non quede pechado, deixarlle as chaves etc, porque está a Xefatura da Policía Local, hai un sistema de seguridade. Eu o que lles digo é, si poden pidan outro local que os hai, si van a estar ata máis tarde, si rematan as dez non hai ningún problema, iso é o único que se lle pide. Nada máis. Remate Sr. Pauliño a moción.

Sr. Pauliño: Creo que hai (.....) pola concelleira Varela (....)

Sr. Alcalde: Si, por suposto, ten vostede a palabra Sra. Varela.

Sra. Varela: Grazas, e que xa que me está chamando mentireira, porque fun eu a que foi a pedir o Centro Neural ese día en semana santa, e as palabras literais que se me dixeron foron; o Centro Neural non se vai deixar máis para actos políticos, hai que pedir a Casa da Cultura. Entón, é por iso que traemos este tema aquí a debate. Obviamente, si o Centro Neural non nolo deixaron porque estaba ocupado, pois non pasa nada (...), estando o Centro Neural ocupado, pedimos a Casa da Cultura, non pasa nada, pero si nos din literalmente nese momento: por decisión da Alcaldía, non se vai deixar máis o Centro Neural para actos políticos, e despois nos decatamos de que hai unhas obras na Casa da Cultura, que se reduce a capacidade da Casa da Cultura, pois nos está quitando lugar onde celebrar as xuntanzas. É por iso que traemos este tema á reunión, e non o entendo a verdade, isto de sacar unha instancia e presentar por rexistro, unha persoa que nin sequera é membro da corporación, e ela aquí, a verdade que me parece que non ten ningún senso.

Sr. Alcalde: Voulle contestar para rematar. Estou canso xa. Non falo eu. Estou canso de que se me diga o que teño que facer, o que teño que sacar, e que eu podo sacar aquí un escrito sen problema ningún. Perdón Sra. Salgueiro ¿quere falar vostede?

Sra. Varela: Si, para pedirle un pouco de respecto, por favor.

Sr. Alcalde: O respecto teno todo ¡vale! Eu, os datos e a documentación que mostra aquí, é unha responsabilidade miña, e ademais, cando hai unha solicitude feita ou o que sexa, polo rexistro, non hai ningún problema para que se diga quen pide. Si un partido político pide un local ¿Cal é o problema? ¿Non queremos transparencia? ¿Cal é o problema de que se diga aquí, que Podemos pide un local tal día?



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Varela: Pero que non ten nada que ver co tema...

Sr. Alcalde: Perdoe, perdoe Sra. Varela, déixeme rematar. Polo tanto, lle pido que cando eu estou no uso da palabra, por favor non me diga o que teño que mostrar, nin o que teño que quitar, nin o que teño que contestar, nin si me desvío ¡vale! Eu exprésome e despois vostede. E agora vai ter a palabra Pauliño Del Río para rematar. Sr. Pauliño, fale vostede.

Sr. Pauliño Del Río: Grazas Sr. Alcalde. Eu vou empezar con un rogo, que diríalle, que da mesma maneira que vostede lle pide ao resto da Corporación, que non dirixa as súas intervencións, se aplique o conto ¿correcto?

Sr. Alcalde: ten o uso da palabra...

Sr. Pauliño: Estouno, estouno usando. Polo tanto, cada un aquí se expresa na forma máis ou menos afortunada, despois cada un xa verá. Pero non diga vostede algo, que despois vostede non se aplica, con cada un de aquí o que considere oportuno, evidentemente sempre mantendo unhas normas de respecto a esta institución e ao resto dos concelleiros e concelleiras

que estamos aquí presentes. Polo tanto, non parece de recibo, que vostede cando escoita unha intervención que non lle gusta, e que non me diga a min o que teño que dicir, cando en realidade o único que está facendo a concelleira neste caso foi exercer a mesma liberdade que vostede, no uso da palabra. Dito isto, parece bastante evidente no transcurso deste debate que houbo, si houbo, un tema que na nosa opinión, nós nos quedamos no exercicio da verdade, pero cando nos miramos que hai un problema, falamos, e agora hai un acordo Plenario para uso deste local, este concreto. É evidente para nós, que nos solicitamos ese local, e se nos negou, e non se nos denegou porque estivera ocupado, se nos denegou polas causas que acaba de comentar anteriormente a Sra. Varela, e polo tanto é un feito para nós evidente. Que noutros casos vostede poña outros exemplos de si hai días, si non hai días, que si un día para outro. Aquí de feito hai moitas peticións de un día para outro, e cando o local estaba libre, comentouno vostede que tamén o fixo dun día para outro, vostede, o Sr. Guitián e o Sr. Araúxo, que cada vez que había...que hai un local libre e calquera, unha asociación de calquera índole, mesmo os partidos políticos solicitaban un local e había, e de feito había unha dinámica, un uso, un costume que era facer a petición por escrito e subila arriba e falar co secretario do Alcalde, e dicirlle alí, oe mira que acabamos de presentar isto, ¿cómo está o asunto? ¿se pode pedir, non se pode pedir? Si, ou non, punto pelota. ¿correcto?. Ben, isto non é do que estamos falando aquí, evidentemente vostede, quere facer un procedemento e é libre de facelo. Claro que os locais non son seus, evidentemente, estamos totalmente de acordo con iso. Pero vostede, é quen autoriza ou denega o uso, o que ten as competencias para facelo. Polo tanto vostede está constringido nesa decisión de acceder ou non, de aceptar ou de denegar e polo tanto é vostede quen o fai e neste caso parece ser que tamén hai un problema coa seguridade do Centro Neural, nos non o sabemos pero dende logo aí se tiñan celebrado moitas asembleas, moitas xuntanzas despois das dez da noite e non pasou nada. Se vostede considera que é unha causa xustificativa para denegar o local, pois emita vostede a correspondente resolución motivada, e nos miraremos si efectivamente ten razón ou non, porque ao mellor é posible (...) de momento simplemente se nos denegou ese local e se nos dixo: tedes que ocupar o Centro Neural, e ese local evidentemente non estaba ocupado. Ao mellor estamos equivocados pero ao mellor non, por iso o dicimos aquí. E esa foi a resposta que nos decidimos sobre este asunto e que había unha decisión tomada e por iso traemos esta moción ¿correcto?. Polo tanto e sen máis, remato, esperando por certo. Ao mellor non lle quedou claro. Este é un tema que afecta a este grupo municipal, nos somos Gondomar Concello Aberto, parece que vostede non o ten aínda asimilado, Gondomar Concello Aberto,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

non é un tema de Anova, non é un tema de Izquierda Unida, non é un tema do que se lle ocorra por aí. Nos somos Gondomar Concello Aberto

Sr. Alcalde: Perdón non lle entendín ¿son ou non son?

Sr. Pauliño: Somos, somos Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Eu creo que me dirixo a vostedes como tal, como grupo municipal

Sr. Pauliño: Non vostede acaba de dicir, na anterior manifestación (...) dixo que non sabía en realidade, moi ben o que éramos, si éramos Podemos, si éramos Anova, si éramos Izquierda Unida, creo recordar. Si lle entendín mal, pídlle desculpas. Nos somos Gondomar Concello Aberto. Polo tanto gustaríame, que si vostede fala o que estime pertinente, que se dirixa a nós ou pois sobre algunha casuística que este grupo lle expoña, que diga que nos somos Gondomar Concello Aberto, un grupo de veciños e veciñas que fixeron unha candidatura de unidade popular, unha candidatura, unha marea para na nosa opinión trasladar determinadas cousas a este Concello. Moitas grazas, sen máis, pode proceder á votación si o estima oportuno.

Sr. Alcalde: Xa o fago, xa o fago Sr. Pauliño. Grazas, así me gusta.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a moción arriba transcrita.

5. Rogos e preguntas:

Sra. Duran: Algunhas das preguntas que lle vou a facer hoxe xa saíron en varios plenos, e de momento non hai unha resposta. Vou empezar con unha que sae hoxe na prensa que é en relación co camiño do Laranxa e o cambio da dirección. Fai meses, vostede explicou aquí neste plenario que estaban en negociacións cos veciños, e hoxe polo que sae na prensa, parece que esa solución está descartada. E o que plánteo é dar un ultimato a empresa propietaria de formigóns. Quería saber exactamente, ¿cál é a situación dese expediente?, se como di vostede o servizo xurídico do concello ten decidido presentar unha demanda, como xa lle dixen no seu momento se é a decisión que vai a tomar o goberno, canto antes mellor... Os procedementos administrativos demoran bastante a súa resolución final e queríamos saber cal é a situación do expediente. Por tanto esta solución que como xa cualificou vostede é unha solución provisional... pois non resolve realmente a problemática do perigo na zona.

Tamén lle preguntei noutros plenos, e a ver se hoxe me pode dar unha data, en relación a limpeza por parte da Deputación de Pontevedra das estradas das súas competencias, das cunetas, quería saber se xa teñen unha data fixa. Quería saber se dende a Deputación xa lles informaron, si se vai a facer no mes de maio, no mes de xuño... Porque o verán está aí.

Tamén preguntarlle pola limpeza das cunetas, dos camiños e das pistas que son titularidade municipal. As queixas da veciñanza son patentes e quería saber tamén como o teñen planeado, se xa está planificada a próxima limpeza das vías municipais.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

E de novo vólolle a preguntar por saber se o expediente de expropiación que segundo vostede vai iniciar, ou iniciou, a Deputación de Pontevedra na beirarrúa da estrada de Gondomar a Chaín, o tramo Gondomar Chaín, quería saber se eses expediente xa se iniciou. Quería saber se os veciños e propietarios das fincas están notificados da iniciación deste expediente.

E quería tamén saber, porque falou vostede no anterior pleno da contratación do servizo de lixo, de recollida de lixo... Incluso dixo que igual facía un pleno extraordinario porque quería ter os prezos xa aprobados antes do 18 de abril...Dixo vostede que ía falar cos grupos municipais, é que ía ter unha xuntanza de voceiros para negociar e consensuar estes pregos, para ver como está esta situación...

Tamén saber como está o tema das obras do cemiterio se San Cibrán en Donas.

Tamén quería preguntarlle se xa ten definido o reparto do uso das aulas do Centro de Desenvolvemento Local. Este grupo municipal solicitou no mes de decembro unha aula, e temos constancia de que algúns grupos, e tanto corporacións, xa teñen un uso, xa teñen un local e gozan do seu uso, e este grupo non o ten, insisto, xa foi solicitado creo recordar alá polo 12 de decembro.

E despois quería que me aclarase, porque non me quedou moi claro, se nos vai a permitir o uso da aula multiusos do centro neural a partir das 22:00h.

Rogos:

Sr. Gómez: Xa antes na moción se falaba de Couso, síguenos tocando Couso, non? Este é un tema parecido o de Vincios. E o rogo era... O paso de peóns que hai na estrada de Couso, na estrada principal, a estrada que neste caso é da Xunta. Alí hai un paso de peóns fronte o bar que hai alí, o único bar que hai en Couso, e aquilo é un perigo grande. Os coches veñen a moita velocidade, menos cando está o radar ou hai un coche parecido o radar. E alí cruza moita xente, claro, é o centro da parroquia desa zona. Quería saber se hai a posibilidade, pola cantidade de vehículos que pasan de ... Igual non se pode poñer un paso elevado, pero unha rede semaforica, un semáforo... Rogo: Intentar arranxar ese tema porque calquera día vai pasar unha desgraza.

Despois en Chaín... Xa non lle vou a preguntar polo Camiño do Laranxo, que xa preguntou a compañeira da corporación a señora Durán, pero voulle facer un rogo, hai unha luz publica alí que as ramas a tapan totalmente, e cando está iluminada de noite xa non da luz, porque as ramas a tapan totalmente. Se poden ir por alí e cortarlle as ramas para que faga a súa función.

O Camiño da Brea de Chaín, que é un camiño estreito antigamente de carros, pero que bo, que si que da un servizo, pero que está intransitable. Iso, se o poden limpar e o mesmo tempo "adecentar" un pouco aínda que sexa con zahorra, non vamos pedir que sexa asfaltado... Pero si que se poda utilizar.

Tamén en Chaín, no cruce da Mourisca, se baixamos da Mourisca, a man esquerda está aquel muro grande de formigón, no que se colocan papeis por alí, nese lado. Pero no outro lado creo que hai un canal, canas que chegan á estrada, hai que saír co coche... Eu o outro día ía para arriba e o coche estaba case no medio da estrada. Home claro, é que non se mira, tapan totalmente a visibilidade, entón, se poden desbrozar nesa zona de alí.

En Borreiros. As bandas que hai alí o lado da gardería, alí faltan algunhas. E dá a casualidade de que as que faltan son as do lado dereito de todo. Entón ¿qué pasa? Que ninguén quere



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

coller as bandas, entón os coches van totalmente arrimados a dereita e un pouquiño máis adiante está o portal da gardería. Calquera día vai saír alguén e o vai coller. Entón iso, que se coloquen as bandas que faltan ou que se quiten todas, porque senón, neste caso ocasiona máis perigo que beneficio.

Sr. Alcalde: ¿Qué se quiten ou que se poñan?

Sr. Gómez: En este caso que se poñan as que faltan.

Preguntas:

Sr. Gómez: Unha é a que lle fago sempre. O parque de tormentas ¿en qué situación está? A ver cando vai volver o seu estado orixinal ou se vai a facer algo. Que me digan a situación da estación de bombeo.

Limpeza de cunetas.

O saneamento da pedra en Morgadáns. ¿En qué situación está o saneamento da pedra?

Rogos:

Sra. Fernández: Na parroquia de San Cibrán hai un parque infantil que está situado por encima da Igrexa de San Cibrán. Este parque... no chan votaron cemento, creo que non é o apropiado para elo, en caso de caída dun neno... Creo que se debería cambiar por outro tipo de material.

Tamén unha luz pública que se necesita con urxencia na estrada de Cabaleiros, a cal é a última fase que falta por poñer. Aquí os veciños están... moi descontentos porque é algo que necesitan xa. E nesta mesma estrada tamén arranxar unhas "fochancas".

No club de bolos hai un tramo que está con terra, e os días de choiva está intransitable, entón tamén se debería de buscar algo, buscar una solución.

Da limpeza das cunetas igual, xa falamos.

Na parroquia de Vincios, tal como se fala nunha moción que levou o noso compañeiro Pauliño do Río... Pois, tamén hai unha zona que está un pouco abandonada que é no barrio do Tumbio. Digo os dous lados da estrada e xustamente onde están as casas principais, pois onde está a parada de autobús, esa zona, creo que se debería votarlle algo porque o chan está inestable, se alguén quere saír en cadeira de rodas... o de sempre, alí non chegan as aceras... É algo que eu creo que se debería arranxar con urxencia. E aí tamén... non sei, pero... un paso de peóns que non hai. Sei que é unha zona moi perigosa, porque é unha recta, tamén sería bo xestionar algo para que o puxeran.

O mesmo tempo, o tema do paso de peóns onde está a cafetería "Dembos" e carnicería, pois tamén é perigosa. Buscar solución, poñer un semáforo... En si, xa a moción do compañeiro creo que engloba algo desto....

En Gondomar os taxistas están cunha cabina que da pena miralos, entón quería saber como se vai a buscar unha solución, se xa ten algo para pensado para arranxar a situación.

Sr. Alcalde: ¿Iso é unha pregunta ou un rogo Sra. Fernández?

Sra. Fernández: Pregunta. ¿Vaise arranxar a cabina dos taxistas?



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. Pauliño Del Río: Parece ser que chegou do Xulgado un recurso contencioso administrativo, polo que se lee na prensa, polo tema das obras do parque de tormentas por parte da Xunta de Galicia, parece ser que chegou un escrito para que o concello se "persoe" no procedemento, gustaríame saber, que explique como está este tema.

Gustaríame saber se xa se firmou o convenio coa AGA, asociación galega de artesáns.

Gustaríame saber se vai a solucionar o tema da web, porque creo que, a non ser que hoxe se cambiara, as ordenanzas fiscais e tributarias seguen absolutamente fóra de vigor.

Gustaríame saber por qué o informe que remite o pleno ó departamento de intervención fai referencia a unha serie de asuntos que non veñen a este pleno, é dicir, antes cando se mandaba o informe do departamento de intervención, cando se facía a referencia aos informes que tivo que levantar o señor alcalde respecto dos pagos ordenados, pois se facía unha referencia a unha serie de expedientes, que despois nas resolucións da alcaldía estaban. Neste momento non nos chegan, e no departamento de intervención nos fan referencia, creo recordar, lle falo memoria, dos pagos dos expedientes números, do 11 ó 15, e os que hai en resolución estamos falando do 35, 36, 37, 34... Polo tanto hai un desfase entre os informes, ante a revisión dese informe e a resolución. Antes isto non se producía, gustaríame saber se hai algún motivo polo cal non podamos contrastar as resolucións cos informes de intervención.

Gustaríame saber cómo está o camiño de Portavedra, que en principio se quixo traer a este pleno con un motivo de urxencia practicamente sen pasar pola comisión informativa de asuntos do pleno, despois se quixo traer aquí... E creo que hai dous ou tres meses, e nunca mais se soubo dese camiño. Sei que estivo en exposición pública. Gustaríame saber como está o expediente do camiño para metelo no inventario de bens municipais.

Gustaríame tamén saber no plan de practicas laborais da Deputación de Pontevedra, que se acaban de incorporar antonte os catro titulados superiores que van a realizar as practicas no concello de Gondomar; creo recordar que era un bibliotecario, un arquitecto, un xornalista e un para secretaria. Gustaríame saber se xa están traballando, o seu horario, e quen son os titores propostos a tal fin.

Gustaríame saber cómo pensa o señor alcalde duplicar a policía local, e se ten claro a situación dun policía local que agora está de uniforme e antes non o estaba, pero que agora supoño que estará realizando traballo de policía local sen as súas armas regulamentarias... Me gustaría saber si se pode explicar aquí por que é o caso, porque se pode poñer nunha situación de perigo a ese policía local se en calquera circunstancia se ve nunha situación comprometida. Gustaríame saber en concreto como se vai a facer e como se vai a duplicar, porque as contas que eu escotei e que eu lin na prensa... A verdade é que non me saen.

Gustaríame saber que é o que está pasando co tema do catastro e toda a cantidade de cartas que están recibindo os veciños e veciñas respecto a cualificación das fincas, que está creando un certo desconcerto na cidadanía. Se nos podía explicar como está este asunto.

Tamén se nos pode explicar qué pasa coas obras de canalización que se produciron no tanque das tormentas, alí había un rego que saía do noiro e ía cara abaixo e desembocaba no río, ¿correcto? Alí había de todo... nesas augas había de todo... Agora iso se aterrou, de novo se fixo un varado perimetral, se deixou o retranqueo dos 5m que antes non existía, pero o feito é, que a auga sigue discorrendo por aí, vai a un tubo que está onde hai unhas pedras por riba, e



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

logo, eu non son quen de determinar a onde van despois esas augas, se van ao río, se van a unha arqueta etc. Gustaríanos saber ¿qué é o que pasa?.

Gustaríamos tamén saber ¿qué é o que pasa co arquivo de secretaria?, que antes estaba na secretaria xeral do concello, custodiado polo señor secretario municipal, e neste momento aí non está a documentación. Documentación, que evidentemente ten que estar custodiada por xente competente, e ten que haber unha cadea bastante clara de acceso a esa documentación. Como non está aí, gustaríame saber ¿ónde está?, se ese traslado ten o visto bo do secretario municipal, en qué outro sitio está... Se está noutro sitio gustaríame saber, quen ten copia ou chaves dese arquivo municipal, se hai unha cadea para dicir "este acceso se va a pedir de este expediente que va a entrar, quen ma vai a coller, quen a vai a custodiar..." Todo este tipo de historias. Antes, evidentemente que se facía ao lado do despacho do secretario, estaba controlado, entendo eu, por el mesmo, e neste momento non esta aí. Gustaríanos saber onde está, quen o custodia e a súa forma de acceso para que se cumpra evidentemente a normativa.

Gustaríanos saber qué pasa co cruceiro de Mañufe, que caeu e nunca máis se soubo, non sei, soaba algo así como a un acordo que tamén caeu Non sei, se é unha metáfora ou algo así, pero o que é evidente e que nos gustaría saber que é o que pasou co cruceiro, si se vai a repoiñar, se non, se vostede sabe algo sobre este tema...

E que nos pode comentar sobre a xunta local de seguridade. Resulta curioso que despois de menosprezar a moción que Gondomar Concello Aberto presentou neste pleno, no pasado pleno... e de considerala mesmo alarmista etc. Despois, sae vostede dicindo que efectivamente, sae vostede dicindo que había que facer todas aquelas cousas que se dicían na moción. Curiosamente, gustaríame saber por qué aquí manifestou que a xunta local de seguridade estaba convocada e despois parece ser que se convocou e levaba un ano sen convocarse.

Da limpeza das rúas e dos camiños non vou a insistir porque é unha pregunta reiterada. É normal que neste momento a Administración Municipal estea minimamente desbordada por como está o tempo, pero gustaríame saber si hai un plan.

Gustaríame saber tamén cómo está o tema dos núcleos. Que núcleos se puxeron de novo en marcha e a situación última que teñamos sobre os expedientes da ____A CLUB(2;04)

Preguntas:

Sr. Villar: Preguntar ¿cándo se vai convocar o Consello Municipal da Muller?, xa van varias veces que se pregunta aquí.

Para cando son os actos conmemorativos e divulgativos do 85 aniversario da proclamación da Segunda República e o respectivo homenaxe as vítimas da represión.

Tamén preguntarlle pola implementación dos obxectivos doutra moción traída aquí nos anos anteriores, neste caso moción da PAH, no que se declaraba entre outras cousas "Gondomar municipio libre de deshaucios". Nesa moción se falaba de constituír uns grupos de traballo que parece que polo de agora non se puxeron en marcha. Gustaríame saber se tendes pensado unhas datas concretas ou que ides facer con este tema.

¿Cómo esta a situación do cole do Chain? Sabemos que hai demandas desde hai tempo...
¿Cómo está a xestión dese tema? ¿ Qué tedes pensado facer?



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

En relación o cole de Mañufe, ¿qué novidades hai con respecto a esa ameaza de peche?
¿Qué xestións fixo o goberno municipal dende o anterior pleno ata o día de hoxe para evitar ese peche?

Rogos:

Sr. Villar: Na Praza de Abastos, xusto pegado a estrada hai unha caída bastante pronunciada, un desnivel pronunciado, rogaríamos que tratarades de buscar algunha solución para ese problema.

En relación a entrada de Chaín xusto antes do cruce para A Zapa, xusto onde está a arboredo e o cartaz "Chaín Town", pois alí hai un par de árbores xusto enriba da estrada que parece que poden supoñer un perigo a curto prazo. Se podedes pasar por alí e votarlle un ollo.

Preguntas:

Sra. Varela: Preguntar con respecto a excursión a Fátima que se está organizando desde a Consellería de Benestar Social, ao Algarve e a Fátima, que coincide coa festividade da Virxe de Fátima. Quería saber se é en parte subvencionada polo concello, e en caso afirmativo con que contía.

Pregunta con respecto a unha notificación da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universitaria, que entrou no Rexistro do Concello o día 9 de febreiro, é que esta notificación ten informado desfavorablemente a proposta de restauración da ponte románica de Mañufe, porque hai que realizar unha serie de actuacións e para identificar posibles patoloxías estruturais, posibilidade de pavimentos orixinais debaixo da capacidade actual etc. Quería saber que xestións se están realizando para poder realizar esta obra, si se ten falado coa administración titular da estrada, que é a Deputación Provincial, ademais tendo en conta que existe actualmente un programa de cofinanciación en obras de viarios provinciais.

Sra. Durán: Grazas alcalde, se me permite, porque me esquecín dunha última pregunta que ademais figura no expediente, que o copiamos estes días, quería saber cal é o fondo do recurso que presentaron contra o concello a empresa OHNIOS SL, e que está aberto un procedemento no Xulgado Contencioso Administrativo número dous de Vigo. Gustaríanos que nos explicase a que se debe isto, se teñen coñecemento, e se xa remitiron ó xulgado o expediente tal e como aquí lle interesa.

Sr. Pauliño Del Río: é referente ao Serra de Víncios, polo tema do cole, sabemos que está colocado o portal, o suministro polo menos creo que o colocaron ata arriba de todo, e queda a colocación do motor e o enganche á electricidade, queríamos saber si hai algún prazo para o remate do peche e despois e sobre todo si xa está feito o calendario para a obra que se ten que facer antes do curso que ven.

Sr. Alcalde: Grazas, ¿algunha pregunta máis? ¿algún rogo?. Si non hai máis preguntas nin rogos, contestaremos a todas as preguntas por escrito no seguinte Pleno. Moitas grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 16 minutos do día 05.05.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.

